
LUGO

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día sete de outubro de dous mil oito, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar definitivamente a ordenanza municipal de parques, xardíns e arboredo urbano, co seguinte texto:"

ORDENANZA DE PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO URBANO

SECCIÓN 1.- NORMAS XERAIS

- Obxecto.
- Definicións.
- Relación co PXOM e plans especiais.

SECCIÓN 2.- CREACIÓN DE ZONAS VERDES, REMODELACIÓNS, MELLORAS E PLANTACIÓN DE ARBOREDO:

- Creación de zonas verdes.
- Proxecto de zona verde.
- Medidas protectoras.
- Protección a vexetais no ordenamento urbanístico.
- Documentación necesaria para proxectos de creación ou reforma de zona verde.

- Documentación referida ó arboredo, para esixir nos proxectos de urbanización que inclúan vías arborizadas.

- Biodiversidade e economía de recursos.
- Melloras.
- Cualificación de bens de dominio e uso público.
- Plantación de arbustos en medianas de rúas e vías.
- Prazas, parques e xardíns.
- Vexetación existente.
- Elección das especies.
- Espazo de plantación e calidade do solo.
- Transporte, recepción de plantas e plantación.
- Protección do contorno das zonas verdes fronte a determinadas actividades.

- Infraestruturas e servizos.

- Sinalización informativa.

- Conduta que hai que observar.

SECCIÓN 3.- CONDICIÓN MÍNIMAS E MANTENIMENTO DO ARBOREDO.

- Tamaños e categoría do arboredo.

- Servidumes.

- Plantación en beirarrúas, bandas de aparcadoiros e medianas ou rotondas.

- Gabias.

- Poda.

- Retirada de especies.

SECCIÓN 4.- CONSERVACIÓN DE EXEMPLARES VEXETAIS.

- Conservación.

- Inventario.

- Actos sometidos a licenza ou autorización municipal.

- Obrigacións.

- Prohibicións.

SECCIÓN 5.- LICENZAS, EXECUCIÓN E RECEPCIÓN DE OBRAS.

- Licenzas de obra.

- Execución de obras.

- Recepción.

SECCIÓN 6.- OBRAS PÚBLICAS E PROTECCIÓN DO ARBOREDO.

- Protección de árbores e zonas verdes fronte a obras públicas.

- Condicións técnicas da protección.

- Restauración.

- Inspección.

- Valoración do arboredo.

SECCIÓN 7.- ANIMAIS EN ZONAS VERDES.

- Protección de animais.

- Cans.

- Prohibicións.

SECCIÓN 8.- VEHÍCULOS EN ZONAS VERDES.

- Sinalizacións.

- Circulación de bicicletas.

- Circulación de vehículos de motor.

SECCIÓN 9.- MOBILIARIO URBANO

SECCIÓN 10.- RÉXIME SANCIONADOR.

- Normas xerais.

- Responsabilidades.

- Infraccións leves.

- Infraccións graves.

- Infraccións moi graves.

- Sancións.

- Graduación.

- Medidas.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

ORDENANZA DE PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO URBANO

Introdución

Esta ordenanza pretende converterse nun instrumento válido mediante o que se establezan as condicións necesarias que garantan a protección ambiental das zonas verdes e do arboredo urbano e servir, igualmente, de orientación e guía dos comportamentos sociais e individuais con respecto ás ditas zonas. Deste xeito, preservárase o equilibrio ecolóxico e a calidade de vida da cidadanía.

Regularase a creación de novas zonas verdes urbanas e a reforma das xa existentes, optimizando a execución das obras e o seu mantemento, intentando alcanzar un beneficio ambiental e social.

Os espazos verdes son un dos elementos estruturadores máis importantes do ámbito urbano, xa que vertebran a realidade urbana. Contribúen á conservación e mellora da calidade ambiental das nosas cidades e á preservación da saúde da cidadanía, e son un agradable lugar de encontro, ocio e goce, constituíndo un patrimonio colectivo de gran valor social e cultural.

Garantírase o enlace entre os espazos naturais, os de nova creación e os xa existentes para favorecer a diversidade biolóxica, a continuidade dos percorridos e a mobilidade peonil, vertebrando o espazo urbano atendendo a criterios de mellora da calidade ambiental da

cidade, procurando que o arboredo estea presente nunha cantidade e calidade suficientes e que teña unha distribución adecuada. Este ten que ser protexido polas súas múltiples achegas á vida urbana (ambientais, ecolóxicas, paisaxísticas e económicas) e pola súa función en canto á estruturación e cohesión da cidade.

Ademais de preservar o patrimonio arbóreo, planifícalo, ordenalo e xestionalo, protexerase o soporte territorial dos espazos arborizados ou susceptibles de selo no futuro. Regularanse todas as actuacións que afecten ó sistema de arboredo e, en especial, as que incidan sobre o risco de fractura ou caída.

Sección 1- Normas xerais

Artigo 1.- Obxecto

1. Esta ordenanza ten por obxecto regular a creación, conservación, uso e goce dos espazos axardinados, os distintos elementos que lle son propios e o arboredo sen interese agrícola existente no termo municipal de Lugo, con vistas á súa mellor preservación como ámbitos necesarios para lograr o equilibrio ecolóxico do medio urbano e natural e mellora da calidade de vida da cidadanía.

2. Consideraranse, así mesmo, espazos axardinados os que xurdan do desenvolvemento do Plan xeral de ordenación municipal (unidades de actuación, urbanizacións, etc.), as prazas e xardíns públicos, os xardíns situados preto a monumentos ou en illas, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos e as xardiñeiras instaladas nas vías públicas.

3. As normas desta ordenanza tamén serán de aplicación, no que lles afecte, ós xardíns e espazos verdes de propiedade privada.

Artigo 2.- Definicións

Zona verde.- Parques urbanos e zonas verdes públicas, como veñen definidas no PXOM e nos plans especiais (PEPRI, PEPRIM e Plan especial de protección de carballeiras, castiñeiras e fontes ornamentais).

Infraestruturas e servizos.- Elementos estruturais (pavimentación, bordos, varandas, sistemas de conducción de auga, de electricidade...), recreativos (xogos), de repouso (asentos, bancos) ou complementarios de sinalización, protección ou peche, limpeza, etc.

Césped.- Cuberta vexetal dunha ou máis especies herbáceas de porte baixo, xeralmente gramíneas, que ó ser segada toma o aspecto dun tapiz denso, e que ten uns requirimentos de consumo hídrico e mantemento xeralmente significativos.

Pradería - Cuberta vexetal de especies herbáceas de porte mediano ou baixo, con predominio de gramíneas e leguminosas, que teñen a capacidade de rebrotar ou de resementeira e que, con ampla gama de variacións, toleran a sega e a pisada. Ten uns requirimentos de consumo hídrico e mantemento baixos.

Arboredo.- Calquera elemento arbóreo da cidade tratado de forma individual ou en conxunto, e os elementos arbustivos exemplares ou que estean situados illadamente e con valor patrimonial e paisaxístico.

Arboredo viario.- Árbores en aliñación de rúas, avenidas e paseos.

Espazos arborizados.- Lugares do tecido urbano conformados pola presenza de árbores. Forman parte deles as propias árbores, o espazo entre elas e o terreo no que se asentan.

Espazos arborizables .- Soporte territorial susceptible de albergar arboredo.

Arboredo público.- Árbores asentadas sobre terreo público. O seu mantemento recae sobre a xestión municipal. / Arboredo privado.- Situado en terreo privado. A responsabilidade do seu mantemento recae sobre o propietario do predio.

Arboredo ornamental.- Árbores de pequeno porte e colocadas con fins fundamentalmente decorativos, cuxas características máis significativas son as estéticas.

Calidade ambiental.- Determinada por un conxunto de caracteres cualitativos, como son: a seguridade viaria, a diversidade de ambientes, a funcionalidade, a accesibilidade, as súas conexións, os seus beneficios ambientais, a biodiversidade, unha percepción agradable, etc.

Artigo 3.- Relación co PXOM e plans especiais

Esta ordenanza apóiase e, se é o caso, complementase cos criterios expostos no PXOM vixente, PEPRI, PEPRIM e Plan especial de protección de carballeiras, castiñeiras e fontes.

Sección 2.- Creación de zonas verdes, remodelacións, melloras e plantación de arboredo.

Artigo 4.- Creación de zonas verdes

1. En toda actuación en zonas verdes deberanse acatar, ademais destas normas, as disposicións do PXOM, as recomendacións dos distintos servizos municipais naquelas parcelas que lles competan e toda a lexislación en vigor referida ó uso do solo, construción e edificación.

2. Para os efectos urbanísticos e de aplicación de normativa e ordenanzas en vigor, os espazos libres e zonas verdes serán considerados servizos de primeira necesidade.

3. En toda actuación urbanística que inclúa zonas verdes, de carácter público ou privado, redactarase o correspondente proxecto de axardinamento, e a súa execución quedará suxeita ó preceptivo trámite de aprobación municipal, logo do informe dos servizos técnicos municipais de Parques e Xardíns.

4. As zonas verdes ou axardinadas poderán crearse por iniciativa pública ou privada. Os promotores de proxectos de urbanización que executen o planeamento deben, sen excepción, incluír neles un proxecto parcial e específico de xardinería, se estivese prevista a súa existencia, no que se describan, deseñen e valoren detalladamente todas as obras, instalacións e plantacións que integren as zonas verdes ou axardinadas, a vexetación existente e/ou de nova incorporación, o seu estado e características.

5. Os proxectos parciais de xardinería, ós que se refire este artigo, contarán como elementos vexetais con plantas, árbores e arbustos preferentemente propios da zona e adaptados ás condicións hídricas, de climatoloxía e solo.

6. En canto á plantación en novas zonas verdes:

a) Elixiranse especies vexetais adaptadas ecolóxica e funcionalmente ás condicións de Lugo, evitando así custos excesivos de mantemento.

b) Non se utilizarán especies que incumpran as directrices comunitarias e normativa de desenvolvemento en materia fitosanitaria.

c) As plantas que se utilicen atoparanse en perfecto estado, sen golpes nin mazaduras que poidan afectar-lles. O seu tamaño e sistema radicular será o adecuado para un desenvolvemento óptimo do vexetal, sen desequilibrios fisiolóxicos.

d) Se as plantacións van estar próximas a edificacións, escolleranse aquelas especies que non poidan producir, polo seu tamaño ou porte, unha perda de iluminación ou de luz solar, danos nas infraestruturas ou levantamento de pavimentos ou beirarrúas.

e) Como regra xeral, as plantacións efectuaranse preferentemente no momento do ano máis favorable e, se non é así, o material vexetal presentará as características de preparación necesarias en función do estado vexetativo concreto no que se atope. Os coidados post-plantación serán, así mesmo, adecuados ó condicionante anterior.

7. Os promotores, en calquera momento, poderán formular consultas ós servizos técnicos municipais de Parques e Xardíns en relación coa implantación de espazos axardinados.

8. As obras ou instalacións provisionais no ámbito dun espazo axardinado proxectaranse e executaranse sen afectar ó espazo nin os seus elementos. En todo caso, as instalacións situaranse en áreas pavimentadas e alí desenvolveranse as obras, deixando a salvo as zonas con vexetación.

9. Se o Concello o considera oportuno, antes de realizar as obras e con cargo ó interesado, as árbores e plantacións afectadas trasladaranse ó lugar que se determine polos servizos técnicos municipais de Parques e Xardíns.

10. Cando as obras esixan a supresión de elementos vexetais (árbores, arbustos, plantas de flor, céspede, etc.) está obrigado a repoñelos de acordo co seu ser e estado primitivo, ou ben aboar ó Concello a indemnización equivalente ó valor do vexetal que desapareza, este valor determinarao o Concello, e no caso de arborado, aplicarase a Norma Granada (método de valoración de árbores e arbustos ornamentais) que estea vixente.

11. Nas zonas verdes de cesión gratuíta con destino a uso público obrigatoriamente teranse que deslindar e marxear convenientemente, e non se permitirá ningún peche nin outro elemento que lle reste este carácter. Nestes casos, unha vez rematadas as obras, o Concello

recibirá os terreos e as obras mediante acta correspondente e farase cargo da súa conservación.

12. En proxectos de edificación particular, as entradas e saídas de vehículos estarán previstas, sempre que sexa posible, naqueles lugares onde non se afecten árbores nin plantacións existentes. Así, nos primeiros proxectos das obras deberán sinalarse todos os elementos vexetais existentes tanto no propio soar, como na vía pública e soares estremeiros coa obra para realízar.

13. Se, excepcionalmente e de acordo co parágrafo anterior se considerase necesaria a supresión, traslado ou o transplante dunha árbore, solicitarase a preceptiva licenza.

14. Nas actuacións de axardinamento e implantación de arborado viario en superficies estritamente urbanas garantirase a subministración de auga necesaria.

15. Entenderase por mellora aquela substitución de elementos vexetais ou inertes por outros de similares características, pertencen ou non ó mesmo tipo ou clase taxonómica, que non supoñan alteración ou introdución de elementos de categoría radicalmente distinta á preexistente, ou que poidan modificar a estrutura, trazado ou deseño do espazo axardinado, total ou parcialmente, ou dalgunha das súas composicións.

16. En toda nova plantación viaria atenderanse, na súa realización xardineira e agronómica, as directrices dos servizos técnicos municipais de Parques e Xardíns.

Artigo 5.- Proxecto de zona verde

O proxecto constará dunha parte escrita e outra gráfica, cuxa extensión e complexidade dependerá das características da zona verde para realizar, pero comprendendo sempre os seguintes puntos:

1. Memoria: Descrición da zona verde dende o punto de vista estético, funcional e técnico. Tratará, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Situación e relación co planeamento vixente.

b) Descrición do estado actual e condicionantes principais (orografía, elementos construtivos, cursos de auga, zonas húmidas, etc.).

c) Obxectivos do proxecto.

d) Criterios de deseño :

- Funcionais e de usos

- Ambientais

- Paisaxista.

- De xestión.

e) Descrición pormenorizada dos traballos para realízar.

f) Deseño e estrutura xeral, equipamento, equipamentos e plantacións.

g) Xustificación técnica do tipo de vexetación elixido, expoñendo as distintas especies vexetais utilizadas, as súas características e necesidades particulares e en

relación coa futura zona verde.

2. Plan de obras, que establecerá o prazo final e os parciais das distintas fases.

3. Planos que representarán, como mínimo:

a) Localización da zona verde.

b) Planta xeral acoutada do estado actual, na que se sinalen as instalacións e vexetais leñosos existentes e diferenciando aqueles que puidesen verse afectados polas obras.

c) Planta acoutada: Camiños, edificacións, mobiliario e plantacións.

d) Perfís: Movementos de terras.

e) Conducións e instalacións: Electricidade, fontanería e saneamento.

f) Detalles: Construtivos, plantacións, etc.

Especificamente, presentaranse os seguintes planos:

- Plano da vexetación existente
- Plano da vexetación proposta
- Plano da rede de drenaxe
- Plano de rede de rega
- Planos de seccións detalladas dos diferentes estratos vexetais
- Planos de detalles da execución da plantación
- Planos de detalles construtivos de elementos auxiliares
- Planos do mobiliario en xeral (bancos, papeleiras, fontes, etc.)
- Planos das áreas de xogos infantís, áreas deportivas, etc.

4. Prego de condicións, que constará dos parágrafos seguintes:

a) Condicións xerais.

b) Condicións dos materiais.

c) Execución dos traballos.

d) Medición e aboamento (unidades de obra).

e) O prego de condicións incluírá as medidas protectoras e as correctoras, así como a descrición detallada do proxecto de rega.

5. Presuposto de execución, que incluírá as medicións e prezos das diferentes unidades de obra definidas no prego de condicións, así como os importes finais.

6. Estudo básico ou proxecto de seguridade e saúde.

Artigo 6.- Medidas protectoras

Redactaranse as medidas protectoras dos bens patrimoniais que se respectarán, atendendo ás condicións do espazo en que se realizará a intervención e as

características do proxecto. Isto inclúe:

- Protección e aproveitamento de terra vexetal
- Protección de recursos hídricos (fontes, mananciais, masas e cursos de auga)
- Protección de áreas de vexetación
- Protección directa e indirecta de árbores e arbustos
- Avaliación da viabilidade de transplante do arboredo afectado.

Artigo 7.- Protección a vexetais no ordenamento urbanístico

1. Os promotores de proxectos de ordenación urbanística procurarán o máximo respecto ás árbores e plantas existentes. Aquelas que teñan que suprimirse forzosamente serán repostas noutro lugar, previamente determinado polos servizos técnicos municipais, co fin de minimizar os danos ó patrimonio vexetal do municipio.

2. Co fin de diminuír os posibles efectos negativos da obra nos recursos naturais e na vexetación existente, estableceranse previamente unhas medidas correctoras.

3. En canto á rega, aquelas zonas verdes que posúan recursos propios serán regadas utilizando os propios, se isto fose posible.

4. Toda zona verde de nova creación disporá dun sistema de rega automatizado, adecuado ás condicións do espazo e ós elementos vexetais que a compoñen a fin de optimizar e racionalizar o consumo hídrico, co seu correspondente contador ou contadores de auga.

Artigo 8.- Documentación necesaria para proxectos de creación ou reforma de zona verde

Todo proxecto constará, como mínimo, de:

- a- Proxecto de zona verde descrito no artigo 5.
- b- Medidas protectoras e correctoras, así como as correspondentes partidas orzamentarias.
- c- Proxecto de rega, que formará parte do proxecto de zona verde, e estará reflectido en todos os seus puntos.

Artigo 9.- Documentación referida ó arboredo que se terá que esixir dentro dun proxecto de urbanización que inclúa vías arborizadas

1. O proxecto debe de elaborarse dende unha visión integral do espazo arborizado e a cidade. Polo tanto, non se trata tan só de incorporar exemplares arbóreos ó proxecto de urbanización dun viario. O proxecto debe de contemplar o arboredo como un elemento estrutural e, polo tanto, condicionante. Así o seu proxecto contemplará os aspectos seguintes:

- Mobilidade
- Edificabilidade
- Infraestruturas e servizos
- Diversidade de usos

- Calidade ambiental
- Xestión adecuada dos recursos e
- Percepcións acordes á escala humana.

2. Todo proxecto de creación ou de reforma dun paseo, avenida ou rúa que inclúa arboredo contará a maiores da documentación legalmente esixida, cunha parte escrita e outra gráfica (en formato dixital), cuxa extensión e complexidade dependente do número concreto de árbores e das súas características, incluírá sempre os seguintes documentos:

a) Memoria. Incluírá:

- Descrición do arboredo existente e dos condicionantes principais
- Criterios de deseño: funcionais, ambientais, paisaxistas e de xestión e
- Xustificación técnica do tipo de arboredo elixido, as súas características e necesidades.

b) Planos:

- Planta xeral acoutada do estado actual, na que se sinalará o arboredo existente e diferenciando aquelas árbores que puidesen verse afectadas polas obras.
- Plano do arboredo proposto
- Planos de seccións detalladas dos diferentes estratos vexetais e
- Planos de detalles da execución da plantación.

c) Documento técnico para a protección do arboredo.

3. A criterio do Concello, en toda nova actuación urbanística poderán indicarse a necesidade de incluír vías arborizadas.

Artigo 10.- Biodiversidade e economía de recursos

1. Sempre que non existan impedimentos razoables, evitarase reducir o espazo a unha cuberta verde con escasos beneficios ambientais. Así mesmo, tamén se evitará o fraccionamento das áreas axardinadas non debendo segregarse parcelas de superficie inferior a 500 m².

2. Excepcionalmente e debidamente xustificado, poderanse permitir outras dimensións ou superficies.

3. Crearanse distintas paisaxes, ricas en especies, para así evitar monocultivos de arboredo e vexetación e favorecer a presenza de fauna. Nas vías, potenciarase o arboredo de sombra, que leva asociada a presenza de avifauna.

4. As zonas verdes xestionaranse baixo os criterios de redución do consumo hídrico e control de custos de conservación, utilizando materiais de reducido mantemento e vexetais con baixos requirimentos de auga. Potenciaranse tamén os espazos con elevada permeabilidade, para evitar a perda de recursos hídricos.

Artigo 11.- Cualificación de bens de dominio e uso público

1. Os lugares e zonas ás que se refire esta ordenan-

za terán a cualificación de bens de dominio e uso público e, en consecuencia, non poderán levarse a cabo neles actividades ou usos que, pola súa finalidade, contido, características e fundamento supoñan a utilización de tales recintos con fins particulares, en detrimento da súa propia natureza e destino.

2. En caso de autorizarse actos públicos nos ditos lugares, os organizadores responsables deberán tomar as medidas necesarias para que non se cause prexuízo ás plantas, árbores e mobiliario urbano. As autorizacións terán que ser solicitadas coa antelación suficiente, para que poidan adoptarse as medidas precautorias necesarias e requirirse as garantías suficientes.

Artigo 12.- Plantación de arbustos en medianas de calzadas e viarios

1. As medianas das calzadas deberán ter como mínimo 2 metros de anchura para situar arbustos, os cales non superarán a altura de 1 metro.

2. Nas medianas das vías e parterres de difícil acceso plantaranse plantas tapizantes cobresolos de baixos requirimentos.

3. Nos parterres en beirarrúa, plantaranse cespitosas ou tapizantes sobresolos de baixos requirimentos.

4. En vías arborizadas e paseos garantirase un mínimo do 50% de cobertura arbórea para obter beneficios ambientais significativos. Para iso, compaxinarase o deseño da rúa coa plantación de árbores de sombra, facilitando o seu adecuado desenvolvemento.

5. Nas zonas verdes próximas a vías, buscarase garantir no posible a privacidade dos usuarios respecto ó tráfico rodado co uso conveniente de vexetación.

6. Entendendo que no deseño de vías e espazos libres se ten que procurar evitar relacións de escala desproporcionadas á medida humana, os grandes edificios ou as avenidas moi extensas teñen que ser compensados con elementos arbóreos que restitúan a escala ás dimensións humanas.

Art. 13.- Prazas, parques e xardíns

1. Só cando as características do lugar o permitan se plantará céspede.

2. Nos parterres de grandes dimensións poderanse utilizar plantas cobresolos e cespitosas de baixo mantemento ou ben potenciar a formación de pradeira.

3. Debaixo das agrupacións densas de arboredo primarase a plantación de tapizantes con tolerancia á sombra.

4. Nos noiros enténdese conveniente a utilización de plantas colonizantes, rastreiras, cubridoiras etc., con estratexias de propagación e de baixo mantemento.

5. Nos espazos naturais respectarase a pradeira natural ou, se non, potenciarase a súa nova implantación.

6. A plantación de grupos de planta anual, bulbosas e de temporada axustarase ó establecido polos servizos técnicos municipais de parques e xardíns, coa fin de racionalizar o gasto e minimizar os custos de mantemento.

7. Nas prazas e xardíns é recomendable plantar unha proporción significativa de arboredo perennifolio.

Artigo 14.- Vexetación existente

1. Deberanse respectar as árbores existentes nos terreos obxecto de urbanización, protexéndolas dos danos que a realización das obras puidese causarllas.

2. Non se permitirá ningunha alteración do nivel do solo da área de vexetación sen un estudo previo das consecuencias da afectación.

Artigo 15.- Elección das especies

1. Realizarase unha coidadosa elección das especies que se desexa plantar, en relación coa situación, o uso e a localización concretos. Así, evitarase o emprego de plantas e especies arbóreas:

- a) Afectadas por pragas ou enfermidades crónicas
- b) Con elevadas necesidades hídricas
- c) Especialmente sensibles ás condicións urbanas e ás viarias
- d) Con elevadas necesidades de mantemento
- e) Con frutificacións molestas ou espiñas en zonas de fácil acceso e
- f) Con fragilidade de ramas ou con baixa tolerancia á poda.

2. Antes de decidir unha plantación, haberá de avaliarse a calidade do material vexetal, marco de plantación e a calidade do solo.

Artigo 16.- Espazo de plantación

O espazo de plantación terá que reunir unha serie de condicións mínimas que garantan o desenvolvemento dunha árbore ou arbusto. Tendo isto en conta, requirirase: un espazo aéreo dispoñible, acorde co volume máximo esperado, volume subterráneo útil suficiente para as raíces, condicións edáficas viables agronomicamente e dispoñibilidade de auga na cantidade e calidade necesarias.

Artigo 17.- Transporte, recepción de plantas e plantación

1. Deberán tomarse precaucións no transporte e estacionamento do material para plantar. As plantas viaxarán convenientemente protexidas do vento, das vibracións e dos golpes.

2. A recepción da planta deberá coordinarse cos traballos de plantación, para evitar someter ós exemplares a condicións inadecuadas. Para o seu estacionamento, acondicionarase un lugar protexido do sol e do vento, que manteña unhas correctas condicións de humidade. Cando se recepcione a planta comprobarase que cumpre as condicións de calidade e corríxanse os pequenos defectos.

3. A poda de formación non debe realizarse ata que o exemplar estea enraizado no sitio correspondente. O burato de plantación ten que garantir as dimensións mínimas para que se desenvolva inicialmente o sistema radical. O seu diámetro será, como mínimo, unha vez e media a anchura do cepellón ou das raíces.

4. A plantación comeza coa colocación da planta no lugar de plantación. A profundidade será a adecuada para o seu posterior desenvolvemento, establecendo o nivel o colo da raíz. Non se deixarán zonas con bolsas de aire e, ó rematar, realizarase un rego profundo.

5. Colocaranse os peches e sinalizacións necesarios para facilitar o desenvolvemento das plantas nesta etapa inicial. Ademais, establecerase o adecuado envase dos elementos arbóreos, en especial os de aliñación. En árbores de cepellón utilizaranse sistemas de fixación subterránea cando polo seu tamaño ou seguridade fose necesario.

Artigo 18.- Protección do contorno das zonas verdes fronte a determinadas actividades

1. A práctica de xogos e deportes realizarse en zonas especificamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias:

- Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas
- Poidan causar danos e deterioracións a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, xardíns e paseos
- Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación e
- Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública.

2. As actividades relacionadas co modelismo só poderán realizarse nos lugares expresamente sinalizados.

3. En canto ás actividades publicitarias, estarase ó disposto na Ordenanza reguladora da publicidade exterior do Concello de Lugo.

4. As actividades artísticas de pintores, fotógrafos e operadores cinematográficos ou de televisión poderán ser realizadas nos lugares utilizables polo público. Intentarán non entorpecer a circulación do parque e estarán obrigados a cumprir aquelas indicacións que lles fagan os axentes da Policía Local e os responsables do mantemento da zona verde en cuestión.

Artigo 19.- Infraestruturas e servizos

1. Os espazos verdes concibidos como zonas de descanso e recreo dotaranse de elementos de equipamento suficientes para facilitar a estancia dos usuarios, que cumprirán coa normativa municipal en canto a características e instalación. Como mínimo, ademais dos elementos de iluminación correspondentes, haberá bancos e papeleiras que se instalarán preferentemente en zonas de paseo.

2. Non se permitirá o uso inadecuado dos bancos, realizando condutas tales como: arrancalos, trasladar aqueles que non estean fixados ó solo, agrupalos desordenadamente, comer sobre eles ou efectuar inscricións ou pintadas.

3. Os desperdicios depositaranse nas papeleiras establecidas a tal fin. Os usuarios absteranse de manipularlas, moverlas, envorcalas, arrancalas, pintalas, adherirlas adhesivos ou deterioralas dalgunha outra maneira.

4. Os xogos infantís cumprirán o establecido na súa normativa específica (UNE EN-1176, UNE EN-1177 e Decreto 245/2003, do 24 de abril, da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado), respectarán as distancias de seguridade estipuladas non estando permitido o seu uso por adultos. Preferentemente no chan das áreas de xogos infantís instalárase pavimento continuo amortecedor de seguridade.

5. As áreas e zonas destinadas a usos deportivos (canchas de baloncesto, balonmán, tenis, fútbol, etc.) teñen que dotarse dun pavimento adecuado e homologado, así como dun peche perimetral adecuado ó seu uso e goce tanto no referente á súa consistencia como á súa altura.

6. Nas fontes ornamentais, surtidores, bocas de rega, etc., non está permitido beber, utilizar a súa auga, bañarse, introducirse nelas nin manipulalas.

7. As redes de servizos (semafórica, eléctricas, telefónicas, de saneamento, distribución de auga, etc.) que teñan que atravesar as zonas verdes deberán facelo de forma subterránea, debidamente canalizadas e sinalizadas, preferentemente por zonas habilitadas para o paseo. Adoptaranse as medidas oportunas para a protección do sistema radicular do arboredo.

8. As redes municipais de rega serán de uso único e exclusivo para o baldeo e rega dos espazos axardinados. En ningún caso poderán usarse para interese ou finalidade privada.

Artigo 20.- Sinalización informativa

1. A necesidade de sinalización informativa e didáctica das novas zonas verdes será valorada polos servizos municipais e poderá referirse tanto ós aspectos culturais, como ecolóxicos, botánicos, paisaxísticos ou de educación no respecto dos elementos comúns.

2. En tales elementos de sinalización non se permitirá trepar, subir, randearse nin realizar actos que os ensucien, prexudiquen, manipulen ou deteriorenen.

Artigo 21.- Conduta que hai que observar

Os usuarios de zonas verdes e do mobiliario instalado nelas deben cumprir as instrucións que, sobre a súa utilización, figuren nos indicadores, rótulos ou sinais. En calquera caso, deben atender as indicacións que formulen os axentes da Policía Local ou o persoal de parques e xardíns.

Sección 3.- Condicións mínimas e mantemento do arboredo

Artigo 22.- Tamaños e categoría do arboredo

1. Tendo en conta o diámetro de copa, distinguirase entre:

- Árbores de copa estreita: Menos de 5 metros de ancho

- Árbores de copa mediana: Entre 5 e 7 metros de ancho e

- Árbores de copa ancha: Mais de 7 metros de ancho.

2. Segundo a súa altura, distinguiranse:

- Árbores de altura baixa: menos de 6 metros de alto

- Árbores de altura media: de 6 a 15 metros de alto e

- Árbores de altura elevada: mais de 15 metros de alto.

3. Atendendo ó seu máximo desenvolvemento, existirán:

- Árbores de porte pequeno: altura baixa e copa estreita ou mediana

- Árbores de porte mediano: altura media e copa mediana e

- Árbores de porte grande: altura elevada e copa mediana ou ancha.

Artigo 23.- Servidumes

1. As copas das árbores deberán respectar un espazo de 1 metro a partir de fachadas, balcóns, miradoiros e aleiros de edificios, sen invadilos.

2. O arboredo respectará, sen invadir, tanto unha anchura de beirarrúa como unha altura de paso de peóns, libre de ramas, un mínimo de 2,50 metros.

3. Ningunha parte da árbore invadirá a vertical do bordo da calzada ata unha altura mínima de 3,5 metros. Non se considerará calzada o espazo de aparcadoiro.

4. Ningunha parte da árbore impedirá a visibilidade dos elementos de sinalización vertical consolidados a unha distancia mínima de 30 metros, dende o punto de vista do condutor.

Artigo 24.- Plantación en beirarrúas, bandas de aparcadoiros e medianas ou rotondas

1. En proxectos de nova urbanización, a anchura mínima da beirarrúa para poder acoller arboredo de alinación será de 2,5 metros.

2. En proxectos de reforma de rúas arborizadas aceptárase excepcionalmente e previa xustificación a plantación en beirarrúas de anchura de menos de 2,5 metros. Propoñeranse, neste caso, especies de copa estreita e porte pequeno.

3. Nas bandas de aparcadoiro, as plantacións realízanse en illas debidamente protexidas. O Concello terá a posibilidade de determinar a necesidade de introducir elementos arbóreos nas prazas de aparcadoiro e concretar a súa localización. Así mesmo, nos aparcadoiros de superficie dispórase obrigatoriamente de pés arbóreos. O deseño do pavimento incluírá algún elemento que evite a chegada do extremo dalgún vehículo ó tronco da árbore.

4. A anchura mínima requirida para arborar medianas será de 3 metros e dun mínimo de 12 metros de diámetro nas rotondas.

5. Para que se desenvolva o exemplar arbóreo, garantírase un volume mínimo de terra útil, independentemente do tamaño da ablaqueación, proporcional ó desenvolvemento esperable da árbore. O solo non conterá ningún tipo de canalización destinada a conducir

servizos, exceptuando a rede de rego, e presentará unha superficie permeable que permitirá a aireación permanente do solo.

6. No caso de que o arboredo necesite envarado, este levarase a cabo no terzo máis baixo do tronco para manter a flexibilidade, garantindo o crecemento do grosor del.

Artigo 25.- Ablaqueacións

1. Nas beirarrúas de ancho superior a 2,5 metros, as ablaqueacións nunca serán inferiores a 1 por 1 metro, para posibilitar a recollida das augas, tanto da rega como pluviais.

2. Nas beirarrúas de ancho inferior a 2,5 metros, e para a plantación de árbores de porte pequeno, a dimensión mínima será de 0,80 por 0,80 metros.

3. Excepcionalmente, e debidamente xustificado, poderanse permitir outras dimensións.

4. As ablaqueacións para plantación de árbores de aliñación tanto en calzadas como en beirarrúas reunirán as seguintes características:

- As ablaqueacións de plantación de árbores que se dispoñan en beirarrúas e calzadas remataranse con pavimento que sexa autodrenante (Pavi-Dren), ou outro semellante cunha capacidade mínima de drenaxe de 300 litros/m²/minuto, e disporanse na mesma cota que o pavimento das beirarrúas ou das calzadas, co obxecto de facilitar a recollida de augas pluviais e eliminación de barreiras arquitectónicas.

5. As reixas que cubran as ablaqueacións deberán estar ó mesmo nivel que a beirarrúa para facilitar a recollida das augas pluviais e evitar accidentes peonís.

Artigo 26.- Poda

1. Para levar a cabo calquera tipo de poda, os servizos técnicos establecerán os obxectivos, tipo de poda e época máis idónea para realizala, esixindo que se cumpra a normativa de seguridade vixente ó respecto.

2. Rexerán nas operacións de poda os seguintes criterios: respecto á estrutura da árbore, ó seu ritmo, etapa de desenvolvemento, características da especie, reservas e sistemas de defensa del.

3. Só por motivos de seguridade ou molestias graves estarán permitidas as podas que alteren a estrutura da árbore.

Artigo 27.- Retirada de especies

Retiraranse urxentemente as unidades arbóreas que estean mortas ou que representen un perigo potencial, segundo as inspeccións técnicas realizadas.

Sección 4.- Conservación de exemplares vexetais

Artigo 28.- Conservación

A conservación comprende tanto o mantemento dos elementos vexetais como o conxunto de actuacións e normas destinadas a evitar a súa degradación e incrementar as súas posibilidades de óptimo desenvolvemento, así como a periódica reposición e renovación das plantas e elementos inertes.

Artigo 29.- Inventario

1. Por parte dos servizos municipais competentes procederase a inventariar os exemplares vexetais sobresalientes do municipio, en especial no referente á creación do Catálogo Municipal de Árbores Singulares. Para estes efectos, os particulares poderán suxerir a introdución de especies concretas nel.

2. Os exemplares vexetais obxecto de inventario irán acompañados na súa inscrición da súa localización exacta, o seu réxime de propiedade e o estado en que se atopasen na data da súa inscrición.

3. Calquera proxecto previsto nunha zona próxima á árbore ou árbores incluídos no catálogo, tanto público como privado, deberá garantir a súa perfecta conservación e condicións de desenvolvemento.

4. Toda actuación que supoña destruír, danar, marcar ou utilizar estas árbores como apoio ou soporte físico de obxectos queda prohibida.

Artigo 30.- Actos sometidos a licenza ou autorización municipal

Serán actos sometidos a licenza ou autorización municipal, para a boa conservación e mantemento das diferentes zonas verdes urbanas, os seguintes:

- Cortar, pinchar, plantar, transplantar ou trasladar árbores situadas en calzadas, beirarrúas, espazos públicos ou en terreos privados, inscritos ou non no catálogo o que fai mención o artigo anterior.

- Utilizar as zonas verdes para usos distintos ós da súa natureza recreativa e de ocio.

- Filmacións cinematográficas ou de televisión que requiran a colocación de aparellos, útiles e instalacións especiais para tales operacións.

- Instalar calquera clase de industria, comercio, restaurante ou posto de bebidas, refrescos, xeados ou produtos análogos, que requiran outorgamento previo de concesión administrativa, conforme ó establecido na normativa de aplicación.

Artigo 31.- Obrigacións

1. Os propietarios de zonas verdes e espazos libres (incluídos os soares e parcelas pertencentes ou non ás distintas unidades de actuación) están obrigados a mantelos en bo estado de conservación, limpeza e ornato, controlando ó mesmo tempo o crecemento das súas plantas (árbores, arbustos, etc.) dentro duns límites que garantan a seguridade tanto do tráfico viario como peonil, tendo en conta a visibilidade e a redución do ancho ou alto do paso libre tanto para o tráfico peonil como rodado. En caso de incumprimento, o Concello poderá facelo en calquera momento, a custa destes.

2. Igualmente, están obrigados a realizar os adecuados tratamentos fitosanitarios preventivos pola súa conta, para evitar a propagación de pragas e enfermidades ó resto das zonas verdes públicas ou privadas.

3. As persoas titulares de quioscos, bares e demais establecementos que posúan terrazas axardinadas estarán obrigados a mantelas en bo estado de conservación, limpeza e ornato.

4. O arboredo terá que ser podado na medida que sexa necesario, polos propietarios, para contrarrestar o ataque de enfermidades, ou cando sexa necesario por motivos de seguridade ou perigo de caída de ramas ou contacto con infraestruturas de servizo (tendidos eléctricos, rede semaforica, iluminación, etc.). En caso de incumprimento desta obriga por parte dos propietarios, poderá realizalo o Concello a custa deles.

5. A vexetación que, nacendo en leiras particulares, invada tanto horizontal como verticalmente as beirarrúas, vías e espazos públicos, será obrigatoriamente cortada ou podada polos seus propietarios. No caso de incumprimento desta obriga por parte dos propietarios, poderá realizalo o Concello a custa deles.

6. Os propietarios dos espazos libres privados, tanto de uso privado como público, son responsables dos danos, prexuízos ou perdas que o arboredo asentado nos ditos espazos poida ocasionar a terceiros.

Artigo 32.- Prohibicións

1. Con carácter xeral, quedan prohibidas as seguintes actividades nas zonas verdes:

- Pisar, destruír ou alterar as plantacións de calquera clase, exceptuando os lugares nos que expresamente quede permitido o tránsito.

- Cortar flores, plantas ou froitos sen a autorización correspondente.

- Cortar ou podar árbores sen autorización expresa.

- Tirar en zonas verdes calquera outra clase de residuo.

- Danar ou molestar á fauna presente nas zonas verdes ou asociada ós elementos vexetais.

- Non se permitirá acampar, instalar tendas de campaña ou vehículos habilitados para tal efecto, practicar cámping ou establecerse con algunha destas finalidades nas zonas verdes, calquera que sexa o tipo de permanencia.

- Prender lume, por calquera motivo, nos lugares non autorizados expresamente ou sen instalacións adecuadas para iso.

- Facer probas ou exercicios de tiro para practicar puntería, acender petardos ou fogos de artificio.

- Non controlar, por parte dos seus donos, os movementos e actitudes dos animais domésticos.

- Camiñar por parterres ou zonas axardinadas, expresamente delimitadas por sebes, peches, ou encintados provisionais.

- En xeral, calquera actividade que poida derivar en danos ós xardíns, animais, elementos de xogo ou mobiliario urbano.

2. Con respecto ás árbores situadas en espazos públicos, queda prohibido:

- Aclarar, arrancar ou partir árbores, pelar ou arrancar as súas cortizas, cortalas, transplantalas, podalas, cravar puntas, atarilles randeiras, escaleiras, ferramentas, cables, postes, soportes de estadas, ciclomotores,

bicicletas, carteis ou elementos similares.

- Rubir ou subir ós mesmos.

- Instalar tendidos eléctricos e os seus rexistros, provisionais ou definitivos, agás nos casos nos que se autorice particularmente, servíndose do arboredo.

- Depositar, aínda que sexa de forma transitoria, materiais de obra, sobre os foxos das árbores ou verter nelas calquera clase de produto.

Sección 5.- Licenzas, execución e recepción de obras

Artigo 33.- Licenzas de obra

1. A creación e, se é o caso, reforma de zonas verdes estará suxeita a licenza municipal.

2. A licenza poderá ser solicitada por persoa física ou xurídica, que será a única responsable fronte á Administración do cumprimento de todas as obrigas que do contido desta ordenanza se deriven.

3. Unha vez obtida a licenza de obra, comunicaráse lle por escrito ó Concello o nome da persoa e empresa/s responsables da execución do proxecto, así como calquera cambio ou substitución que poida producirse no transcurso dela.

4. A ocupación da vía pública ou dunha zona próxima á futura zona verde mediante casetas, materiais, contedores ou maquinaria, disporá da correspondente autorización municipal, que poderá solicitarse conxuntamente coa la licenza de obra.

Artigo 34.- Execución de obras

1. Os traballos relativos o acondicionamento de zonas verdes serán executados conforme ó proxecto correspondente. As obras, os elementos construtivos e de equipamento deberán atermos a súa regulamentación específica.

2. Os técnicos municipais poderán realizar as visitas de inspección que consideren necesarias durante a execución dos traballos, reflectindo calquera incidencia ou modificación que se produza.

3. Se das inspeccións municipais se conclúese que incumpriu a normativa vixente ou o exposto no proxecto correspondente, poderán paralizarse cautelarmente as obras.

Artigo 35.- Recepción das obras

1. Todas as correccións que se fagan durante a execución das obras de axardinamento de acordo coas indicacións do servizo técnico de parques e xardíns deberán ser recollidas no documento de título "Estado final e definitivo da zona verde", que o promotor ten a obriga de entregarlle ó Concello xunto coa solicitude de recepción do axardinamento da zona verde. Esta documentación facilitarase nun documento gráfico a escala 1/500 e no soporte informático que o servizo técnico de parques e xardíns determine.

2. O promotor estará obrigado a reparar pola súa conta calquera incidencia, vicio ou defecto de obra civil ou de xardinería que se produza durante o período de

garantía da obra, requisito necesario para proceder á súa recepción definitiva.

3. Unha vez finalizada a obra o Concello procederá, se é o caso, á recepción provisional da obra.

4. Unha vez realizado o axardinamento nas condicións anteriormente previstas, será mantido e conservado en bo estado polo promotor ata a súa recepción definitiva polo Concello.

Sección 6.- Obras públicas e protección do arboredo

Artigo 36.- Protección de árbores e zonas verdes fronte a obras públicas

1. En principio, preferirase a protección de grupos ou de áreas de vexetación á protección individual, xa que a primeira é mais efectiva. Como regra xeral, agás autorización municipal, as áreas de vexetación rodearanse cun cerrume de protección fabricado con material resistente, de 1,20 metros de altura como mínimo.

2. Na área de vexetación, en canto á execución de obras, queda prohibido:

- Instalar casetas de obra.
- Tirar residuos provenientes da construción ou depositar materiais relacionados con ela nesta zona.
- Facer lume.
- Transitar con maquinaria.
- Modificar o nivel do solo.

3. En canto ó arboredo, coa intención de evitar tanto danos directos (golpes, etc.) como indirectos (compactación do solo), instalárase un peche para limitar o acceso da maquinaria antes de que se dea comezo ás obras. Se isto non é posible, antes do seu inicio marcarase unha vía de paso para esta, colocando balizas de sinalización diante de cada árbore, ademais de proteccións ó longo dos troncos nunha altura non inferior ós 3 metros, evitando posibles afeccións á copa.

4. Presentarase, para estes efectos, un documento técnico para a protección do arboredo, que recollerá:

- Exemplos para protexer, transplantar ou eliminar, coa súa sinalización correspondente, así como medidas de protección de exemplares illados.
- Zonas de peche das áreas de vexetación e sinalización das vías de paso de maquinaria.
- Necesidade de poda de ramas baixas, atado ou sinalización.
- Especificación da retirada de solo vexetal para o seu aproveitamento posterior.
- Elaboración dun calendario de sinalización, execución e retirada de proteccións e sinalizacións.

Artigo 37.- Condicións técnicas da protección

1. Cando se abran fosas ou gabias próximas a plantacións de arboredo na vía pública, a escavación non deberá aproximarse ó seu pé máis dunha distancia igual a cinco veces o diámetro da árbore á altura normal (1,20 metros) e, en calquera caso, esta distancia será

sempre superior a 1 metro. En caso de que non fose posible o cumprimento desta norma, requirirase autorización municipal antes de comezar as escavacións, co fin de arbitrar outras posibles medidas correctoras.

2. A modo de referencia, teranse en conta os seguintes datos:

- Ata 60 cm de perímetro do tronco - 1,5 metros de radio de base de raíces.
- De 60 a 99 cm - 2 metros de radio.
- De 100 a 149 cm - 2,5 metros de radio.
- De 150 a 249 cm - 3 metros de radio.
- De 250 a 350 cm - 3,5 metros de radio.
- Más de 350 cm - 4 metros de radio.

3. Para garantir a estabilidade da árbore, respectarase a zona de seguridade. Para determinala, sumárase 1 metro á distancia correspondente ó radio da base de raíces.

4. Naqueles casos nos que, durante as escavacións, resulten alcanzadas raíces de grosor superior a 2 cm deberán cortarse de forma que queden cortes limpos e lisos, e a continuación cubriranse con calquera substancia cicatrizante-bactericida, ou procederase ó seu transplante en caso de derrubamento de edificios. En caso de raíces de máis de 10 cm de diámetro, respectarase sempre que isto sexa posible e protexeranse contra o desecamento. O retapado farase nun prazo non superior a tres días dende a apertura con terras de cultivo, na súa íntegra volumetría, e desbotarase os entullos e mesturas resultantes, e procederase a continuación a súa rega.

5. Cando nunha escavación de calquera tipo resulten afectadas raíces de arboredo, aplicaráselles un cicatrizante bactericida, e procederase ó retapado nun prazo non superior a tres días dende a apertura, procedéndose a continuación a súa rega.

6. No caso de que o efecto negativo do po nas follas poida afectar significativamente á vexetación, realizárase un lavado frecuente da cobertura foliar de todas as árbores e arbustos da zona de afectación.

7. En operacións de cambio de pavimentos, adoptaranse as máximas precaucións nos traballos de nivelación do terreo, e a compactación previa ó recubrimento reducirase ó mínimo posible.

8. Para os efectos de taxación do arboredo para o resarcimento de danos do posible infractor ó disposto nesta sección, aplicarase o método de valoración de árbores e arbustos ornamentais (Norma Granada) vixente no momento en que se efectúe a taxación.

9. Cando se abran gabias e fochas sobre especies herbáceas (céspedes) en zonas verdes públicas, a área afectada repoñerase no prazo máis breve posible con TEPEs, da mesma calidade que o céspede existente, que deberá ser mantido polos executores da obra ata a súa recepción. As gabias e fochas abertas sobre céspede levarán polo menos superficialmente unha capa de 30 cm de terra de cultivo, sobre a que se colocarán

os tepes. En todo caso contarase co asesoramento do Servizo Técnico de Parques e Xardíns, que poderá inspeccionar os traballos.

Artigo 38.- Restauración

1. É obriga dos responsables da obra que, unha vez finalizada e no prazo de tempo que se establecera previamente, restituán ó estado en que se atopaba o espazo verde ocupado ou afectado antes do inicio dos labores ou obras, repoñendo os elementos temporalmente suprimidos e reparando todos os danos que puidesen orixinarse.

En caso de incumprimento desta obriga por parte dos responsables da obra poderá realizalo ó Concello a custa deles.

2. Poderá obrigarse a efectuar restauracións parciais durante o transcurso da obra.

Artigo 39.- Inspección

O servizo técnico de parques e xardíns poderá realizar as visitas de inspección que considere oportunas ó longo da execución dos traballos, podendo adoptarse como medida cautelar a paralización das obras ata a resolución do correspondente expediente sancionador.

Artigo 40.- Valoración do arboredo

1. En canto á valoración de danos a elementos vexetais, calcularase o custo de reposición cun elemento ou elementos vexetais de dimensións adecuadas mais os gastos de cultivo correspondentes ata chegar á idade na que se produciu o dano.

2. Polo que respecta ó arboredo urbano, este constitúe un patrimonio público susceptible de valoración, e o Concello adoptará para estes efectos a Norma Granada (método de valoración de árbores e arbustos ornamentais) como método de valoración económica para os efectos de danos causados a éste.

3. Cando polos danos ocasionados a unha árbore resulte morta ou lesionada, o Servizo Técnico de Parques e Xardíns do Concello valorará a árbore segundo a Norma Granada, para os efectos de fixar a indemnización e sen prexuízo das sancións que se impoñan.

4. No caso de execución de obras, a indemnización descontarase da fianza depositada pola empresa construtora.

Sección 7.- Animais en zonas verdes

Artigo 41.- Protección de animais

1. Para a boa conservación e mantemento das diferentes especies animais existentes nas zonas verdes, nos seus lagos e estanques, non se permitirán os seguintes actos:

- Cazar calquera tipo de animal, espantar pombas, paxaros ou calquera outra especie, perseguilos ou tolerar a súa persecución por cans ou outros animais.

- Pescar, inquietar ou causar dano ós peixes, así como tirar calquera clase de obxecto ou desperdicio a estanques e fontes.

2. As autoridades municipais poderán restrinxir ó

máximo a presenza de animais nas zonas verdes, mantidos alí con obxecto recreativo ou de exhibición.

Artigo 42.- Cans

1. Os cans irán conducidos por persoas e provistos de correa, agás nas zonas debidamente acoutadas para eles, cando circulen polas zonas de paseo dos parques, evitando causar molestias ás persoas, acercarse ós xogos infantís, entrar nas praderías de céspede, nos macizos axardinados e nos estanques ou fontes.

2. Os seus condutores ocuparanse de que depositen as súas dexeccións nos lugares apropiados e sempre afastados dos xogos infantís, mobiliario urbano, peches etc., e deberán recollelas posteriormente. Evitaranse, especialmente, as dexeccións líquidas sobre a base das árbores e plantas.

3. O propietario do can será responsable do seu comportamento. Nalgúns espazos axardinados ou zonas acoutadas deles poderá prohibirse expresamente a entrada de cans e outros animais domésticos, coa excepción dos cans-guía.

Artigo 43.- Prohibicións

1. Con respecto ás zonas verdes públicas, queda expresamente prohibido:

a) Abandonar nestes lugares especies animais de calquera tipo.

b) Asear cans ou introducilos nas fontes ornamentais

c) Acceder con cabalerías ou outro tipo de gando, agás autorización expresa do Concello, e neste caso circularase polas zonas acoutadas para o efecto.

2. Aqueles animais non incluídos nesta sección non poderán circular en ningún caso por parques e xardíns, agás autorización expresa.

Sección 8.- Vehículos en zonas verdes

Artigo 44.- Sinalizacións

A entrada e/ou circulación de vehículos nos parques e zonas verdes regularase de maneira específica a través da sinalización instalada para tal efecto neles.

Artigo 45.- Circulación de bicicletas

1. As bicicletas só poderán transitar en parques, prazas ou xardíns públicos naquelas calzadas onde estea expresamente permitida a circulación de vehículos e naquelas zonas especialmente sinalizadas para o efecto.

2. A circulación das bicicletas estará nestes casos limitada en canto á velocidade, e non se poderán superar os 10 km/h.

3. Os nenos de ata 12 anos poderán circular en bicicleta polos paseos interiores dos parques, sempre que a escasa afluencia de público o permita e non causen molestias ás demais persoas usuarias do parque.

Artigo 46.- Circulación de vehículos de motor

1. Os vehículos de motor non poderán circular por parques, xardíns ou zonas verdes, agás os destinados a servizo de quioscos e outras instalacións similares, sempre que o seu peso máximo autorizado non sexa

superior a dúas toneladas e media, a súa velocidade inferior a 30 km/h, e desenvolvan as súas tarefas no horario establecido ó respecto polos servizos competentes.

2. Nas mesmas condicións, permitirase o tránsito dos vehículos ó servizo do Concello e os seus provedores autorizados, sempre que porten visiblemente o distintivo que os acredite como tales.

Artigo 47.- Circulación de autocares

Os autocares de turismo, excursións ou colexios, só poderán circular polas zonas sinaladas expresamente con tal fin.

Artigo 48.- Circulación de vehículos de inválidos

Os vehículos de inválidos que desenvolvan velocidades non superiores a 10 km/h poderán circular polos paseos peonís dos parques e xardíns, sen causar molestia ós paseantes.

Artigo 49.- Estacionamento

Nos parques e xardíns, espazos libres e zonas verdes queda totalmente prohibido estacionar vehículos nas beirarrúas, nos pavimentos, camiños e zonas axardinadas. Queda prohibido o estacionamento nas zonas de acceso e saída de vehículos sinalizadas.

Sección 9.- Mobiliario urbano

Artigo 50.- O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes, consistentes en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, estanques, sinalizacións, farois, e elementos decorativos como adornos, estatuas, etc., manteranse no máis adecuado e estético estado de conservación. Os causantes da súa deterioración ou destrución serán responsables non só do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida. Así mesmo, serán sancionados os que facendo un uso indebido de tales elementos prexudiquen a boa disposición e utilización deles polos usuarios e usuarias de tales lugares. Para tal efecto, co mobiliario urbano establécense as seguintes limitacións:

a) Bancos.- Non se permitirá o seu uso inadecuado, de forma contraria á súa natural utilización, arrancar os bancos que estean fixos, agrupalos de forma desordenada, trasladar os que non estean fixos ó solo, realizar inscricións, graffitis, pintar sobre eles e calquera acto contrario a súa normal utilización ou que prexudique ou deteriore a súa conservación.

As persoas encargadas do coidado dos nenos deberán evitar que estes nos seus xogos depositen sobre os bancos area, auga, barro ou calquera elemento que poida ensucialos ou manchar ós seus usuarios.

b) Xogos infantís.- Utilizaranos os nenos con idades comprendidas nos sinais que para tal efecto se establezan en cada un dos xogos e nos carteis informativos das áreas de xogos, e non se permitirá a utilización de xogos infantís por adultos ou menores de idade superior á que se indique en cada sector ou xogo, así como tampouco a utilización dos xogos de forma que exista peri-

go para os usuarios, ou en forma que poidan deterioralos ou destruílos.

É obrigatorio respectar o indicado nos carteis informativos instalados nas áreas de xogos infantís, así como tamén é obrigatorio respectar as idades de uso deles que figuran nos distintos xogos infantís.

Non se permitirá o seu uso inadecuado, de forma contraria á súa natural utilización, realizar inscricións, graffitis, pintar sobre eles e calquera acto contrario a súa normal utilización ou que prexudique ou deteriore a súa conservación.

c) Papeleiras e valos.- Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras instaladas para tal fin.

Os usuarios e usuarias deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras e valos, movelas, incendialas, pintalas, envorcalas ou arrincalas, así como facer inscricións nelas, adherir adhesivos ou outros actos que puidesen provocar a súa deterioración e presentación.

d) Fontes e estanques.- Os usuarios e usuarias deberán absterse de realizar calquera manipulación nas tubaxes e elementos da fonte que non sexan propias do seu funcionamento normal, así como a práctica de xogos nas fontes de beber.

Nas fontes ornamentais ou decorativas, surtidores, bocas de rega, etc., non se permite beber, utilizar a auga delas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos, así como toda manipulación dos seus elementos, colocación e introdución de materiais ou elementos alleos a elas.

Non se permitirá o seu uso inadecuado, de forma contraria á súa natural utilización, realizar inscricións, graffitis, pintar sobre eles e calquera acto contrario a súa normal utilización ou que prexudique ou deteriore a súa conservación.

e) Canceiras.- Queda prohibida a manipulación, colocación, introdución de elementos alleos a estes que puidesen provocar un mal funcionamento ou deterioración.

Por razóns de salubridade, deberase ter especial coidado co seu uso.

É obrigatorio respectar as indicacións que constan nos paneis informativos instalados nas mencionadas canceiras.

Non se permitirá o seu uso inadecuado, de forma contraria á súa natural utilización, arrancar os elementos que estean fixos, realizar inscricións, graffitis, pintar sobre eles e calquera acto contrario a súa normal utilización ou que prexudique ou deteriore a súa conservación.

f) Sinalización, farois, esculturas e elementos decorativos.- Nos ditos elementos de mobiliario urbano non se permite rubir, subir, arrandear ou calquera acción ou manipulación sobre eles, así como calquera acto que os ensucie, prexudique ou deteriore.

Sección 10.- Réxime sancionador

Artigo 51.- Normas xerais

1. As accións e omisións que supoñan unha vulneración dos preceptos desta ordenanza constituirán infracción administrativa. As infraccións cualifícanse como leves, graves e moi graves.

2. Estas accións e omisións poderán ser denunciadas tanto polos servizos municipais como por calquera persoa física ou xurídica.

3. A tramitación das denuncias levarase a cabo de acordo coa normativa do procedemento administrativo común e do procedemento administrativo sancionador.

Artigo 52.- Responsabilidades

1. Só serán susceptibles de ser sancionadas por infracción a esta ordenanza aquelas persoas físicas ou xurídicas que resulten responsables delas. Responderase de forma solidaria cando se incumpran obrigas impostas a varias persoas conxuntamente.

2. No caso de actos públicos, a responsabilidade das posibles infraccións recaerá nas persoas asinantes da solicitude para a celebración deles ou nas súas organizacións.

Artigo 53.- Infraccións leves

Considéranse infraccións leves:

- Cortar flores, plantas ou froitos sen a autorización correspondente.
- Maltratar as plantacións recentes ou deteriorar as dos parterres.
- Camiñar por parterres ou zonas axardinadas expresamente delimitadas.
- Agatuñar ou subir ás árbores.
- Ensuciar árbores e arbustos.
- Tirar, en zonas verdes, lixo, papeis, plásticos ou calquera outra clase de residuo.
- Practicar xogos e deportes en sitios e de forma inadecuados.
- Utilización indebida do mobiliario urbano.
- Molestar ós animais existentes nos espazos axardinados.
- Circular con cabalerías ou calquera tipo de gando por lugares non autorizados.
- Non controlar os movementos dos animais domésticos por parte dos seus donos ou cuidadores.
- En xeral, as actividades que impliquen inobservancia das instrucións e sinalizacións para o uso de parques e zonas verdes.

Artigo 54.- Infraccións graves

Considéranse infraccións graves:

- Pisar, destruír ou alterar as plantacións alí onde non estea autorizado e se as consecuencias de tal actividade resultan ser de imposible ou difícil reparación.
- Podar arboredo público sen a preceptiva supervi-

sión municipal.

- Danar a fauna presente nas zonas verdes ou asociada ós elementos vexetais.

- Realizar inscricións ou pegar carteis en peches, elementos construtivos de mobiliario urbano ou en vexetais.

- Cravar grampas, cravos ou elementos análogos ó tronco ou ás ramas das árbores.

- Instalar tendidos eléctricos e os seus rexistros en espazos axardinados ou utilizando os elementos arbóreos, sen a preceptiva autorización.

- Causar feridas, cortar ou arrancar raíces, ramas, follas, flores, froitos ou sementes das diferentes especies arbóreas ou arbustivas, sen a debida autorización.

- Ocupar os espazos axardinados sen a preceptiva autorización municipal.

- Circular con cans por espazos axardinados sen axustarse ás previsións desta ordenanza.

- Estacionar ou circular con bicicletas en lugares non autorizados.

- Obstaculizar ou dificultar as inspeccións dos técnicos municipais.

- Non protexer adecuadamente o arboredo dos espazos verdes afectados por obras ou non gardar as distancias regulamentarias ás árbores ou arbustos na apertura de gabias ou escavacións.

- Incumplir os prazos de restitución ó estado orixinal do espazo arborizado afectado pola realización de obras ou outras actividades.

- Verter líquidos residuais ou nocivos, depositar materiais de construción, entullos ou ferramentas sobre elementos de equipamento ou adorno, céspedes, plantacións e proximidades de arbustos ou árbores e as súas ablaqueacións.

- Realizar nos espazos axardinados calquera clase de traballos de reparación de automóbiles, albanelería, xardinería, electricidade, etc.

- Causar danos ós elementos de infraestruturas e servizos ou manipularlos.

- Incumplimento, polos propietarios particulares, das obrigas enumeradas no artigo 31.

- As infraccións leves cando tiveran ocasionado danos permanentes, imposibilidade de uso ou deterioración na conservación.

- A comisión de máis dunha infracción leve no período dun ano.

Artigo 55.- Infraccións moi graves

Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

- Execución de obras sen licenza municipal.
- Pinchar, transplantar ou podar árbores sen autorización expresa, provocar a súa morte ou inflixir danos ou mutilacións que fagan moi probable a súa perda.
- Destruír, danar ou marcar árbores incluídas no

Catálogo municipal de árbores singulares.

- Ocupar a vía pública con materiais e/ou equipos sen dispoñer da correspondente autorización municipal.

- Non repoñer as árbores e/ou arbustos afectados por obras.

- Non aboar a indemnización equivalente ó valor do arboredo afectado.

- Prender lume, fóra das zonas determinadas a tal fin.

- Acceder con cans ás áreas de xogos infantís dos espazos axardinados.

- Facer probas ou exercicios de tiro para practicar puntería, prender petardos ou levar a cabo calquera actividade pirotécnica en espazos axardinados e arboredo viario, agás nos supostos autorizados expresamente.

- Estacionar ou circular con vehículos de motor, agás nos casos expresamente previstos, en lugares non autorizados.

- Instalación inadecuada en espazos axardinados de redes de servizos.

- Utilización das redes de rega municipais ou os seus elementos para interese ou finalidade privada.

- As infraccións graves cando teñan ocasionado danos permanentes, imposibilidade de uso ou deterioración na conservación.

- A comisión de máis dunha infracción grave no período dun ano.

Artigo 56.- Sancións

As infraccións a esta ordenanza sancionaranse da seguinte forma:

- infraccións leves: multa de 60 euros a 750 euros

- infraccións graves: multas de 751 euros a 1.500 euros

- infraccións moi graves: multas de 1.501 euros a 3.000 euros.

Artigo 57.- Graduación

Tocante á gradación da contía das sancións, atenderase primordialmente ós seguintes criterios: intencionalidade, reiteración, natureza dos prexuízos ocasionados, reincidencia (comisión de mais dunha infracción da mesma natureza no prazo dun ano), así como a transcendencia social ou ecolóxica da acción ou omisión en concreto.

Artigo 58.- Prescrición

As infraccións e sancións tipificadas nesta ordenanza prescribíranse: as leves no prazo de 6 meses, as graves no prazo de 2 anos, e as moi graves no prazo de 3 anos.

Artigo 59.- Medidas

Independentemente das sancións ás que puidese haber lugar, poderán adoptarse as medidas seguintes:

a) Obriga de reparar o dano causado polo infractor, seguindo os criterios dos servizos municipais. O Concello poderá, subsidiariamente, proceder á reparación a custa do obrigado.

b) No caso de incumprimento das condicións de execución dos traballos relativos á instalación de proteccións, limpeza e coidado dos elementos arbóreos, poderá decidirse a súa realización polos servizos municipais, tamén subsidiariamente, correndo o importe a cargo dos infractores.

c) Paralización das actividades, como medida cautelar previa á tramitación do correspondente expediente sancionador, cando nas inspeccións realizadas polos técnicos se observasen incumprimentos ó establecido nesta ordenanza.

d) Revogación da licenza, por incumprimento das súas condicións.

e) Depósito dunha fianza específica que garanta a cobertura dos posibles prexuízos cando as actividades a realizar afecten a un elemento arbóreo e poidan constituir un perigo potencial para éste.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor desta ordenanza quedan derogadas todas aquelas normas municipais de igual ou inferior rango que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co regulado nela.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte de publicarse a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."

Contra a presente ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquél no que o texto desta ordenanza fose publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 27 de outubro de 2008.- O TENENTE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E ZONA RURAL, Lino González-Doposo García.- O SECRETARIO XERAL DO PLENO, Luis Regal Pavón.

R. 05457